



ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FOMENTO DA DOAZÓN ALTRUÍSTA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS NO ÁMBITO DESTA UNIVERSIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Universidade de Vigo formalizaron o 13.05.2025 o instrumento convencional arriba referido, a través do cal prorrógase por catro anos mais o acordo asinado en data 13.05.2021.

Este primeiro acordo ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a planificación e desenvolvemento das campañas de fomento da doazón altruísta de sangue, órganos e tecidos no ámbito da Universidade de Vigo, co fin de contribuír a garantir a cobertura das necesidades hemoterápicas nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, e a doazón de órganos e tecidos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no interese que teñen ambas partes asinantes, cos obxectivos xerais e específicos que figuran no acordo, no que constan levar a cabo actividades de promoción de campaña colectivas de doazón de sangue, órganos e tecidos nos centros docentes que forman a Universidade de Vigo, establecendo a periodicidade, os medios a utilizar e os compromisos de cada unha das partes.

A cláusula décimo segunda do convenio asinado no seu día prevía a posibilidade de que en calquera momento, antes da finalización do prazo de vixencia do mesmo, as partes poderían acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais. De acordo coa dita previsión, e tendo en conta os fins acadados durante o tempo de vixencia do convenio e a necesidade de continuar coa colaboración indicada, as partes asinantes acordaron a prórroga daquel.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.